



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	
<b>MATERIA</b>	Prácticas de Interpretación Sistemas de Interpretación
<b>DISCIPLINA</b>	Obradoiro de Interpretación I
<b>TITULACIÓN</b>	Título Superior en Arte dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Interpretación
<b>ITINERARIO</b>	Textual
<b>CURSO</b>	4º (1º Cuadrimestre)
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	8 (4+4)
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatoria
<b>DEPARTAMENTO</b>	Interpretación
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	María Francelina Crespo Méndez
<b>DOCENTES</b>	<b>Nome e apelidos:</b> María Crespo Méndez <b>TITORÍAS:</b> Luns 15:30 a 17:30 / Mércores 15:30 a 18:30 / <b>Despacho:</b> <b>Contacto:</b> <a href="mailto:mariafrancelina@edu.xunta.gal">mariafrancelina@edu.xunta.gal</a> <b>Nome e apelidos:</b> Mariana Fernández Pérez <b>TITORÍAS:</b> Xoves de 15.00 - 18.00h. <b>Despacho:</b> <b>Contacto:</b> <a href="mailto:marianacarbball@hotmail.com">marianacarbball@hotmail.com</a>
<b>DESCRIPCIÓN</b>	Aplicación e integración dos diferentes recursos técnicos, adquiridos no desenvolvemento da materia, nun proxecto de creación escénica.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Convén ter cursadas Prácticas de Interpretación de I a VI e Sistemas de interpretación I y II.
<b>LINGUA NA QUE SE IMPARTE</b>	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
<b>T1</b>	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
<b>T3</b>	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
<b>T6</b>	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
<b>T7</b>	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
<b>T8</b>	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
<b>T9</b>	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
<b>T11</b>	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
<b>T13</b>	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
<b>T15</b>	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
<b>T17</b>	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
<b>X1</b>	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
<b>X2</b>	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
<b>X4</b>	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
<b>X5</b>	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco,



	tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á auto formación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
<b>X8</b>	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>	
<b>E11</b>	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
<b>E12</b>	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
<b>E13</b>	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
<b>E15</b>	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Afianzar no alumnado os coñecementos adquiridos no curso anterior	T1/ X1/ X5/ E11/ E12 / E3/ E15/ E16
2. Dominar os mecanismos actorais internos e externos no proceso de creación do personaxe.	T1/ T2/ X2/ X5/ E11/ E12/ E13/ E15
3. Acadar diversos recursos para afrontar a construción do personaxe dende a caracterización física e vocal.	X5/ X6/ E11/ E12/ E15
4. Aplicar e desenvolver os conceptos de ritmo, movemento, harmonía, equilibrio, espazo, tempo imprescindibles para a creación dun espectáculo.	X6/ E11/ E12/ E13/ E15
5. Comprender os procesos derivados da relación competencial entre o/a actor/actriz e o/a director/a, o/a escenógrafo/a e o/a dramaturga/o durante o proceso creativo.	T1/ T3/ T6/ T7/ T9/ T11/ X3/ X4/ X8
6. Desenvolver o sentido da autocrítica, a auto disciplina e o traballo en equipo no proceso de creación dun espectáculo.	T1/ T3/ T6/ T11/ T13/ T15/ X3/ X6/ X7/ E15
<b>3.1. OBXECTIVOS ACTITUDINAIS</b>	
1. Contribuír activa e positivamente na clase	T7/T8/X3/X4/X5/E15
2. Colaborar e respectar los debates	T7/T8/X3/X4
3. Participar e responsabilizarse dos traballos individuais e en grupo	T3/T7/X1/X4/X5/E15
4. Comprometerse na disciplina e nas rutinas de clase, individuais e grupais.	T3/T7/X1/X4
5. Responsabilizarse de realizar as súas propostas, se fose necesario, en horario non lectivo	T3/T6/X1/X5

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Valoración de competencias	1.1 Análise das capacidades interpretativas. 1.2. Valoración do nivel de adquisición de competencias. 1.3. Ferramentas para a resolución de carencias acordades a cada proposta estilística, xénero, linguaxe...etc.	50 h
2. Procesos de análise	2.1. O/a autor/a e a súa obra. 2.2. Contexto sociocultural, estilístico e xénero. 2.3. Os personaxes e a proposta escénica.	20 h
3. Proceso de creación	3.1. Liña de acción do personaxe 3.2. Elementos escénicos e plásticos do personaxe e a proposta escénica: Interacción e significación. 3.3. Liña de acción do espectáculo. 3.4. Relación dos intérpretes co equipo creativo no proceso creativo.	50h
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>120 h</b>

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	8	30	38
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica		30	30
Práctica individual	50	35	85



Práctica colectiva	50	20	70
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros		2	2
Tutorías individuais		3	3
Tutorías de grupo	6		6
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	6		6
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	120	120	240
PORCENTAXE	50%	50%	100%

#### 6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Resolución de exercicios	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Presentacións/exposicións.	Exposición por parte do alumnado sobre algún dos contidos da materia. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Debates	Charla aberta que pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun exercicio ou problema.
Traballos de aula	O estudiantado desenvolve prácticas específicas na aula baixo as directrices e supervisión do/a profesor/a. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudiantado.
Estudos/actividades previos	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula de forma autónoma por parte do alumnado.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan ao alumnado, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten integrar as competencias da materia e adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Tutoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Tutorías individuais	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

#### 7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.



## 8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

*O alumnado deberá establecer unha comunicación previa co/ca docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.*

### 8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	Descrición	
<b>Seguimento diario</b>	T1/ T2/ T3/ T6/ T7/ T8/T9/ T11/ T17/ X1/ X4/ X7/ X8/ E11/ E13.  + Obxectivos actitudinais	<b>30%</b>
<b>Execución de exercicios específicos propostos polo director/a, dramaturgo/a, escenógrafo/a ou o profesor/a, (presentacións, escenas, propostas, etc)</b>	T2/ T3/ T6/ T13/ T15/ X1/ X2/ X5/ X6/ E11/ E12/ E13/ E15  +Obxectivos xerais	<b>50%</b>
<b>Traballo teórico ou de investigación autónoma (segundo o proxecto)</b>	T1/ T2/ T6/ T8/ T13/ T17/ X1/ X2/ X3/ X6/ X8/ E13	<b>20%</b>

### 8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	Descrición	
<b><u>Posta en escena.</u></b>  O/a alumno/a pode escoller un texto traballado ese mesmo ano, ou outro tipo de proposta persoal sempre e cando o texto sexa o vertebrador da proposta. Este exercicio deberá ter unha duración mínima de 15 minutos e máxima de 30, e contará de forma obrigatoria coa participación de polo menos 1 actor ou actriz (ademais do/a alumno/a), e a integración dunha figura externa, ben sexa un/unha director/a, un/unha escenógrafo/a, ou un/unha dramaturgo/a.  O día do exame esta figura externa debe acudir á presentación e o profesorado poderá realizar algunha pregunta.	T1/ T2/ T3/ T6/ T7/ T8/ T9/ T11/ T13/ T15/ X1/ X2/ X3/ X4/ X5/ X6/ X8/ E11/ E12/ E13/ E15.	<b>50%</b>
<b><u>Defensa do traballo realizado.</u></b>  O alumnado terá mínimo 5 e máximo 15 minutos para facer unha defensa do traballo interpretativo presentado. Centrase na metodoloxía empregada, na construción do personaxe/atmosfera/emocións ou o que a natureza do proxecto obrigue desde o punto de vista interpretativo, e nunha análise do seu traballo con esa figura externa e a integración.	T6/ T7/ T8/ T15/ X2/ X3/ X6/ E15	<b>20%</b>
<b><u>Memoria da posta en escena e da integración</u></b>  O exercicio anterior debe ir acompañado dunha memoria que recolla o proceso do alumno e a relación da proposta cos contidos da materia, sobre a que o/a docente poderá facer preguntas.  <b>O traballo debe respectar as normas básicas de</b>	T2/ T3/ T6/ T8/ T13/ T17/ X3, X5/ X8/ E15	<b>30%</b>



presentación académica. Todo trabajo sen unha correcta citación será considerado plaxio e no será avaliado.		
<b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Descrición	Descrición	
As mesmas da avaliación extraordinaria	As mesmas da avaliación extraordinaria	A mesma da avaliación extraordinaria

<b>9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS</b>
<u>REFERENCIAS BÁSICAS</u>
CHEJOV, M. (2009). <i>Sobre la técnica de la actuación</i> . Barcelona. Alba.
DONNELLAN, D. (2009) <i>El actor y la diana</i> . Madrid. Fundamentos.
MEISNER, S. (2002). <i>Sobre la actuación</i> . Madrid. Editorial La Avispa
<u>REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS</u>
BROOK, P. (1994). <i>La puerta abierta: reflexiones sobre la interpretación y el teatro</i> . Barcelona. Alba.
CHEJOV, M. (2010). <i>Lecciones para el actor profesional</i> . Barcelona. Alba

<b>10. OBSERVACIÓN / RECOMENDACIÓN</b>
A natureza do Obradoiro de Interpretación I é cambiante, polo que ao inicio informarase ao alumnado de todo o relativo a equipos de traballo, integración, temas, propostas, datas de entrega, etc. Calquera cambio que afecte ao desenvolvemento da materia, será consensuado polo profesorado e informado o alumnado.
<b>Nota:</b> Os traballos teóricos terán unha presentación APA, tal e como recolle o manual de calidade da ESAD.
<b>Sección 7. Planificación da ensinanza. IP701.14 Normas presentación traballos e TFE</b>
<a href="https://esadgalicia.com/calidade/">https://esadgalicia.com/calidade/</a>